

**CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
PARA A CONCESIÓN DE PRAZAS DE GRATUIDADE- CURSO 2014/2015
PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE DAS PRAZAS DE GRATUIDADE
E CRITERIOS DE PREFERENCIA**

Sr. Director / Sra. Directora:

O día 7 de maio constituíuse en Vigo, a Comisión Provincial de Pontevedra para a concesión de prazas de gratuidade do VI Convenio Colectivo de Empresas de Ensinanza Privada Sostidas Total ou Parcialmente con Fondos Públicos.

Por parte patronal asistiron: CECE-GALICIA e ACES-GALICIA.

Por parte sindical asistiron: FETE-UGT, FSIE, CCOO, USO e CIG.

Achégase MODELO DE SOLICITUDE que teñen que presentar os traballadores e traballadoras, así como a información complementaria sobre o procedemento de solicitude e tramitación destas axudas.

1. DEREITOS DOS TRABALLADORES.

Segundo se establece no artigo 81 e Anexo IV do VI Convenio, son:

- a) Dereito á ensinanza gratuíta para os fillos dos traballadores de entre as que se imparten no Centro de Traballo (Colexio), cando teñan unha dedicación igual ou superior á metade da xornada laboral. No caso de fillos orfos daqueles traballadores, para ter dereito á praza, a antigüidade mínima no Centro do traballador falecido será de dous anos. Gozarán tamén do dereito os fillos dos traballadores en situación de excedencia forzosa, excepto o caso contemplado no artigo 46.1 do Convenio.
- b) A gratuidade total fai referencia ás **ensinanzas regradas e actividades Complementarias**. Non son gratuítas nin as actividades extra escolares ni os servizos.
- c) O **FONDO TOTAL DE PRAZAS** de gratuidade, se computará sobre o total de alumnado das respectivas etapas ou ciclos educativos do seguinte xeito.

En niveis concertados:

- 3% en Educación Primaria.
- 3% en 1º y 2º E.S.O.
- 2% en 2º ciclo de Educación Infantil.
- 2% en 3º e 4º de E.S.O.

En niveis concertados ou non concertados:

- 2% Bacharelato.
- 2% C.F. de Grao Medio, C.F. de Grao Superior, E.P.A., PCPI (F.P.B.).

No primeiro ciclo de Educación Infantil:

- **15%** do total do alumnado do primeiro ciclo de E.I. Neste caso a beca será do 50% . No suposto de que as solicitudes superen o 15% se prorrateará a beca entre todos os solicitantes.

No caso de que a porcentaxe represente un número fraccionado, entenderase que cando chegue ou supere o 0.5 o número de prazas a conceder será o ordinal seguinte, e de non chegar a 0.5 será o anterior (Exemplo: cunha porcentaxe de 3,6 deberán concederse 4 prazas; se a porcentaxe é 3,4 concederanse 3 prazas).

- d) **Os fillos dos traballadores do propio centro terán dereito a ensinanza gratuíta aínda que se superen os topes establecidos, agás no primeiro ciclo de E.I.** Os fillos de traballadores doutros centros terán dereito ás ensinanzas gratúitas sempre que as porcentaxes sinaladas non sexan cubertas polos fillos do profesorado do propio centro, agás no primeiro ciclo de E.I
- e) **Os traballadores están obrigados a solicitar as axudas ao estudo arbitradas por calquera administración.** De serlle concedidas as axudas, deberán reintegrar ao centro as cantidades percibidas.

2. CRITERIOS DE PRIORIDADE ACORDADOS NA COMISIÓN,

2.1. PARA TODAS AS ETAPAS EDUCATIVAS AGÁS PRIMEIRO CICLO DE EDUCACION INFANTIL.

Os criterios de prioridade i excluíntes, que se aplicarán sucesivamente, son:

1º.- Fillos de traballadores do propio Centro.

2º.- Situación económica da unidade familiar. Terá preferencia a unidade familiar con menos recursos.

Acreditarase mediante a suma da base liquidable do IRPF (casilla 618) dos dous proxenitores, e dividíndoa entre o número de fillos que formen parte da unidade familiar. O pai e nai solicitantes presentarán copia da declaración da renda de ambos (declaración separada ou conxunta) correspondente ao exercicio económico do ano 2012. No suposto de non ter presentada a declaración do IRPF deberá aportarse resumo de datos fiscais correspondente ao ano 2012 de ambos proxenitores.

3º Fillos de traballadores cunha discapacidade igual o superior ao 33%.

4º.-Fillos de traballadores que non dispoñan no centro educativo no que prestan servizos da etapa educativa na que están escolarizados aqueles.

5º.- Condición de Familia Numerosa de maior grado.

6º.-. Existencia doutros irmáns no centro no que solicitan praza de gratuidade.

7º.-. Estar xa o alumnado escolarizado no centro no que se solicita praza de gratuidade.

2.2. CRITERIOS DE PRIORIDADE ACORDADOS NA COMISIÓN PARA PRIMEIRO CICLO DE EDUCACION INFANTIL (0-3 anos)

No caso de que o número de solicitudes de beca supere o **15%** do total do alumnado do primeiro ciclo de E.I., o montante total da beca será prorrateado entre todos os solicitantes.

3.-PROCEDEMENTO E PRAZOS.

- O traballador dirixirse ao centro educativo no que solicite a praza gratuíta mediante o modelo de solicitude (anexo a esta comunicación e que ademais se colgará nas web: www.cece-galicia.com....) que se presentará por triplicado. **O último día de prazo para presentar a solicitude é o 28 de maio de 2014**, en horario de secretaría do centro. Os centros, non recollerán nin asinarán solicitudes despois desta data.
- O centro selará os tres exemplares e devolverá dous ao solicitante: un para o interesado, e outro para a organización sindical que estime conveniente, de ser o caso.
- O centro baremará as solicitudes.
- O centro enviará a Comisión Mixta de Becas, por correo electrónico a seguinte dirección cecepontevetra@cece-galicia.com, como data límite **o día 3 de xuño** proposta de resolución razoada na que conste:
 - Solicitante/s propostos para a concesión de praza gratuíta relacionados por etapa educativa ou ciclo, con indicación do nome do proxenitor/a traballador/a do ensino, e centro concertado no que presta servizos.
 - Solicitante /solicitantes aos que se propón denegar praza gratuíta indicando o motivo.
 - Número de alumnos escolarizados no curso escolar 2013/2014 en cada etapa educativa.
- A Comisión Mixta de Becas **o día 6 de xuño** comunicará ao centro a resolución que corresponda.
- O centro comunicará ao solicitante a concesión da beca, ou ben a denegación da mesma **de maneira razoada e por escrito, con data límite o 13 de xuño de 2014**. No caso de non existir comunicación, ou de facerse fóra do prazo sinalado por parte do centro, entenderase automaticamente concedida a beca.
- Os centros de ensino deberán enviar á Comisión Mixta de Becas un escrito asinado pola persoa titular da Dirección, o Delegado de Persoal (un deles de ser varios) ou o Presidente do Comité de Empresa, no que conste:
 - Solicitante/s aos que se lle concedeu a praza gratuíta relacionados por etapa educativa, con indicación do nome do proxenitor/a traballador/a do ensino, e centro concertado no que presta servizos.

- Solicitante /solicitantes aos que se lle denegou a praza gratuíta e motivo.
- Número de alumnos escolarizados en cada etapa educativa.

Este escrito deberá remitirse á Comisión Mixta de Becas por correo electrónico a seguinte dirección: cecepontevedra@cece-galicia.com, como data límite o **18 de xuño de 2014**.

No suposto de centros nos que non exista representación legal dos traballadores, será elixido de entre os membros do Claustro un traballador/a para a resolución das solicitudes de praza gratuíta)

- O traballador ou traballadora ao que lle denegaran a praza gratuíta poderá formular reclamación **como data límite o 23 de xuño de 2014** perante a Comisión Mixta de Becas, mediante reclamación presentada por correo electrónico a cecepontevedra@cece-galicia.com ou enviando un fax ao número 881819843.
- A Comisión solicitará do centro a documentación complementaria que considere oportuna. Resolverá **o do día 25 de xuño de 2014**, e a súa decisión é inapelable.
- Os centros deberán conservar toda a documentación presentada polos solicitantes ata o remate do proceso.
 - Establécese a sede da Comisión Mixta de Becas na sede de CECE-PONTEVEDRA, sita na rúa García Barbón 104-1º, 36201 VIGO, teléfono 981940020, fax 881.819.843. Correo electrónico:cecepontevedra@cece-galicia.com

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE PRAZAS GRATUÍTAS

ENVÍO A COMISIÓN MIXTA- Data límite 03 de xuño de 2014

DATOS DO CENTRO

Denominación.....
 EnderezoCP-Localidade
 Correo Electrónico
 Teléfono Fax
 Director/Directora

RELACIÓN DE PRAZAS GRATUÍTAS QUE SE PROPÓN CONCEDER

Alumno Beneficiario	Ciclo ou etapa	Nai/Pai	Centro de traballo

RELACIÓN DE PRAZAS QUE SE PROPÓN DENEGAR

Alumno Beneficiario	Ciclo/etapa	Nai/Pai	Centro de traballo	Motivo

Nº DE ALUMNOS ESCOLARIZADOS NO CENTRO, POR ETAPAS EDUCATIVAS

Educación Infantil 1º ciclo		
Educación Infantil 2º ciclo		
Educación Primaria		
Educación Secundaria Obrigatoria	1º e 2º ESO	3º e 4º ESO
Bacharelato		
Ciclo Formativo GM		
Ciclo Formativo GS		
PCPI		

Asinado: O Director/A Directora

Asinado: Delegado/ Presidente Comité

**ESCRITO PARA COMUNICAR Á COMISIÓN MIXTA
A RESOLUCIÓN DE PRAZAS GRATUÍTAS**

ENVÍO A COMISIÓN MIXTA- Data límite 18 de xuño de 2014

DATOS DO CENTRO

Denominación.....
 EnderezoCP-Localidade
 Correo Electrónico
 Teléfono Fax
 Director/Directora

RELACIÓN DE PRAZAS GRATUÍTAS CONCEDIDAS

Alumno Beneficiario	Ciclo ou etapa	Nai/Pai	Centro de traballo

RELACIÓN DE PRAZAS DENEGADAS

Alumno Beneficiario	Ciclo/etapa	Nai/Pai	Centro de traballo	Motivo

ALUMNOS ESCOLARIZADOS NO CENTRO, POR ETAPAS EDUCATIVAS

Educación Infantil 1º ciclo	
Educación Infantil 2º ciclo	
Educación Primaria	
Educación Secundaria Obrigatoria	1º e 2º ESO 3º e 4º ESO
Bacharelato	
Ciclo Formativo GM	
Ciclo Formativo GS	
PCPI	

Asinado: O Director/A Directora

Asinado: Delegado/ Presidente Comité

.....

.....